

FOTOGRAFÍA

Ana Fernández: o xardín lugar de tránsito

A creación de lugares de asueto destinados á colectividade enténdese en culturas como a grega, que apostou por beneficiar o sector público como prioritario en detrimento do individual. Os parques públicos eran un dos espazos dinamizadores das súas cidades. Co transcurso dos séculos foron marco de actividades tan diversas como as batidas en duelo, prácticas cinexéticas, de galanteo ou para o desenvolvemento de academias literarias na cúspide do Barroco, aló polo século XVII.

Nalgunhas épocas, estes ámbitos de encontro cidadán foron copados polas elites, de forma que o pobo común só tiña acceso a zonas restrinxidas. O século XIX vains convertendo en lugares accesibles a todo o mundo, democratizando o seu uso unha emerxente clase social. A democracia, símbolo do espírito libre, distinguiu e exalzou esas zonas de lecer antano reservadas ós heroes ou membros da aristocracia e alta burguesía.

A exposición fotográfica presentada na galería SCQ de Santiago por Ana Fernández (A Coruña, 1968) desenvolve o tema do xardín nunha tendencia globalizadora, abarcando moitos ámbitos e varios países. A súa cámara recolleu paisaxes urbanas de cidades castelás, europeas ou americanas (Vigo, Viena, Arxentina...) pero sen caracteres particulares propios do lugar senón que tratan de subliñar a simultaneidade, a circulación a escala planetaria co continuo devir de artilluxos mecánicos (patíns, bicicletas...) ou persoas que circulan e se moven libremente por eses espazos de ocio.



Exposición fotográfica de Ana Fernández que acolle a galería de arte 'SCQ' de Santiago

Con certo ton irónico, a artista considera o paseo case unha obriga ou unha necesidade inculcada na actual sociedade que vive a ritmo de vertice. Os paseantes, elementos efémeros, cítanse cos permanentes (como papeleiras ou bancos) fundíndose nunhas fotografías que axiganten uns elementos dinamizadores da vida do parque, que, doutro xeito, nos resultarían indiferentes. Nestes parques non hai cabida para as esculturas de heroes; o ton heroico rebáixase a elementos tan triviais como os adoquins ou as roupas de temporada.

Os lugares de tránsito interésanlle especialmente a Ana Fernández. En anteriores mostras fotografou lugares tan con-

corridos como aeroportos, estacións de ferrocarril ou restaurantes. Igual que nas presentes fotografías, o traballo da artista arrastra ata sensibilizar unha zona significativa e ampliála, decodificando todo o sistema e evitando todo atisbo sentimental. A imaxe por onde queira, símbolo do noso tempo.

O resultado final é unha serie de fotos compostas por un ou dous módulos tratados como pinturas en branco e negro, coas máis antigas acentuando os contrastes luminosos e perfilando volumes planos nun escenario estático e silencioso. Oposto a ese ton, entre serio e aséptico, as recentes amósanse moito máis diluídas, incrementan a sensación de dinamismo sen anular as texturas táctiles, granulares, da superficie fotográfica tratada. A imaxe dá sensación de que se move nunha axitación incandescente de formas.

A temática do xardín non foi moi frecuentemente abordada polos grandes da pintura. A artista indaga e afonda en territorios pictóricos para ir máis alá dos artistas plásticos e representa-lo interese dunha paisaxe sen necesidade de recorrer a un ser humano como referencia da Natureza.

Antes que reflecti-la típica iconografía das variadas formas do xardín creado artificialmente polo home e onde conviven cores e deseños vexetais, disparou o flash como querendo narrar secuencialmente a crónica sesgada do comportamento humano actual nun espazo público, que tende sempre a domina-la paisaxe fronte á selva virxe ou a desorde natural da nai terra.

Fátima Otero

CINE

Cámara nerviosa

Cámara, iluminación, son, montaxe, guión e resultado final nervioso, impaciente, ansioso. Iso é o que Carlos Molinero (dirección), Jorge Juan Martínez e Clara Pérez Escribá, os tres como guionistas, e os tres co título da primeira promoción da Escuela de cine de la Comunidad de Madrid nos deixan na súa primeira película titulada 'Salvajes', baseada nun texto de Alonso de Santos.

A historia que trata de contar non carece de interese e actualidade. O mundo da inmigración ilegal, o racismo, as bandas de neonazis alimentadas pola mocidade marxina das cidades e o amor ferro, enfermo, tal vez último de dúas persoas que non admiten perder sempre, definitivamente, e que se entregan a el coma auténticos locos. Todo en carne viva, sangrando, violento, ferinte, obscuro, brusco, coma un pao inesperado que che parte o nariz. Por iso o comezo, independentemente de que sexa cámara dixital ou non, un sospeita que a escuridade, os rostros borrosos, os apagóns, o baile de planos, os cortes, a falta de encabalgamento e a agresión ós ollos é un intento formal para casar inestabilidade, violencia e opacidade. Pero a medida que o filme avanza, a dureza permanece, os diálogos son máis tópicos, as voces menos claras e a trama máis previsible, tanta cámara nerviosa aburre, farta, perde efectividade e distancia da acción.

Marisa Paredes e Imanol Arias interpretan os personaxes adultos, namorados perdidos, perdidos namorados, pero sen resultar cribles nin conmovedores. El é un policía enfermo, a punto de retirarse, amargado, cunha disonancia evidente entre as necesidades sexuais que mostra e o alcol que consome. Ela, unha enfermeira tamén con elevadas necesidades sexuais encargada de coidar ós tres fillos dunha irmá morta, os tres protagonistas mozos do lado máis salvaxe da historia, pero nin coa súa entregada veteranía é capaz de elevar un personaxe de tantas contradicións entre a fortaleza e a submisión, a liberdade e a resignación.

E polo que se refire ós tres imanciantos, os dous varóns son tan esquemáticos que quedan en cartón; e ela, o papel que lle tocou a María Isasi, filla de Paredes, tampouco convence.

Un primeiro intento sobre un problema real, unha aproximación nin provocadora nin orixinal que só nos mostra que os aprendices deben dominar mellor a cámara, o guión, a montaxe e a compulsió propia dos principiantes. O oficio esixe esforzo e paciencia, non deberían pórse nerviosos.

Miguel Suárez Abel

A Caixa galega do século XXI

caixanova

